



## ANUNCIO

A Alcaldía, con data 15-09-2025, ditou a Resolución 1389/2025 que a continuación se transcribe:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

#### ASUNTO: NOMEAMENTO DE ANA MARÍA PÉREZ GARCÍA

**EXPEDIENTE:** CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (C2), MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO CONCELLO DE VIMIANZO.

EXPTE. TEDEC: 2025/E001/000012

### ANTECEDENTES

A Alcaldía, con data 15/07/2025, ditou a Resolución 1031/2025 que aprobou as bases reguladoras da convocatoria do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a creación dunha bolsa de traballo para a provisión de postos de auxiliar administrativo/a, como funcionario/a interino/a, cando se dea algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.1 do TREBEP.

Con data do 11/09/2025, a Alcaldía asinou a Resolución 1362/2025 que aproba a seguinte bolsa de traballo para a provisión de postos de auxiliar administrativo/a no Concello de Vimianzo, como funcionario/a interino/a, cando se dea algunha das circunstancias establecidas no artigo 10.1 do TREBEP e do artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia:

|    | EXPTE            | APELIDOS          | NOME         | DNI | TOTAL |
|----|------------------|-------------------|--------------|-----|-------|
| 1  | 2025/E002/000138 | PEREZ GARCIA      | ANA MARIA    |     | 80,00 |
| 2  | 2025/E002/000167 | PASTORIZA GARCIA  | MARIA JOSE   |     | 74,83 |
| 3  | 2025/E002/000159 | AMIGO CASTAÑEIRA  | ALBA         |     | 74,38 |
| 4  | 2025/E002/000157 | FERNANDEZ LAGO    | FANNY MARIA  |     | 71,00 |
| 5  | 2025/E002/000168 | VÁZQUEZ RODRIGUEZ | ADRIAN       |     | 66,55 |
| 6  | 2025/E002/000177 | FERREIRO FUENTES  | RAMON        |     | 65,45 |
| 7  | 2025/E002/000161 | LEIRA LOPEZ       | ROSA LORENA  |     | 64,45 |
| 8  | 2025/E002/000158 | CALVIÑO CALVIÑO   | YOLANDA      |     | 64,00 |
| 9  | 2025/E002/000145 | BARREIRO VIGO     | MARIA ISABEL |     | 63,00 |
| 10 | 2025/E002/000163 | DÍAZ COTELO       | PABLO        |     | 63,00 |

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)

|    |                  |                           |                |  |       |
|----|------------------|---------------------------|----------------|--|-------|
| 11 | 2025/E002/000174 | ROJO PALLAS               | PATRICIA       |  | 60,90 |
| 12 | 2025/E002/000164 | LOPEZ RODRIGUEZ           | DARIO          |  | 60,00 |
| 13 | 2025/E002/000160 | ROMERO SUAREZ             | BEGOÑA         |  | 58,42 |
| 14 | 2025/E002/000129 | GARCIA DOMINGUEZ          | JOSE FRANCISCO |  | 55,00 |
| 15 | 2025/E002/000171 | ROMERO SANTOS             | LAURA          |  | 54,00 |
| 16 | 2025/E002/000133 | MELLA LEMA                | TANIA          |  | 53,00 |
| 17 | 2025/E002/000172 | SENDON VILLAR             | CARMEN         |  | 51,00 |
| 18 | 2025/E002/000126 | HERMIDA GRILLE            | CHRISTIAN JOSE |  | 49,00 |
| 19 | 2025/E002/000144 | BALMASEDA PEREZ DE ALGABA | MARIA LUISA    |  | 41,00 |

Publicouse o anuncio coa aprobación da bolsa e o chamamento con data do 11/09/2025 e Ana María Pérez García, a primeira da lista, comunicou a súa aceptación en prazo.

Consta o informe favorable da técnica de Desenvolvemento Local, con data do 12/09/2025, relativo ao cumprimento dos requisitos para o nomeamento.

Consta o informe favorable de Intervención con data do 12/09/2025.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A base oitava regula a constitución da bolsa de traballo, os chamamentos e o nomeamento.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o nomeamento de Ana María Pérez García, con DNI [REDACTED], como auxiliar administrativo/a no Concello de Vimianzo, como funcionaria interina, por acumulación de tarefas, por un prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses, segundo a circunstancia establecida no artigo 10.1.d) do TREBEP e coas seguintes características:

Grupo/Subgrupo: C/C2

Escala: Administración xeral

Subescala: Auxiliar

Complemento de destino: 9

Complemento específico por mes: 460,63 euros.



Sistema de selección: concurso-oposición libre

Funcións e perfil competencial: ver Anexo II das bases reguladoras

Unidade/servizo: Secretaría

Data de inicio: 17/09/2025

Xornada: 100%

[...]"

## RECURSOS

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de conformidade cos artigos 123, 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, se este radica en localidade distinta, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio na sede electrónica do Concello de Vimianzo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso, sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se estime máis conveniente en dereito.

Vimianzo, 15 de setembro de 2025

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

---

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo conCódigo de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)